

O expediente relacionado atópase á disposición do interesado na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, sita no edificio Witland-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

O interesado disporá dun prazo de quince días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta cédula, para examinar o expediente.

Durante este prazo poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

Para que conste e lle sirva de notificación ao citado interesado, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da devandita Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2010.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

Cédula do 9 de abril de 2010 pola que se notifica a imposición da sétima multa coercitiva devolta polo servizo de correos por resultar o enderezo do destinatario descoñecido. (Expediente 10.12/93-II).

A directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ditou, o 15 de marzo de 2010, resolución pola que se impón unha sétima multa coercitiva derivada do expediente sancionador 10.12/93-II, a Blanca Serrada Bertrand, como consecuencia de incumprir o ordenado na resolución de 15 de xaneiro de 1999 que lle ordenaba devolver ao seu estado orixinal os terreos en que executara a ampliación dunha vivenda unifamiliar, situada no lugar da praia de Barcela, no concello do Grove, provincia de Pontevedra.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante a presente cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselle á interesada a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselle saber á interesada que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística sitas no edificio Witland-Salgueiriños, en Santiago de Compostela.

Contra o acordo de imposición da sétima multa coercitiva, a interesada pode interpoñer recurso de reposición ante a directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación desta cédula, ou ben, se non exerce o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición

pode interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo en cuxa circunscrición radique o inmovible afectado, conforme o disposto no artigo 14.1º regra terceira da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para que conste e sirva de notificación á citada interesada, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2010.

María Martínez Allegue
Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 9 de abril de 2010 pola que se anuncia concurso público (procedemento aberto sistema multicriterio) para o outorgamento de concesión de ocupación de dominio público portuario do porto de Escarabote para a construción e explotación de instalacións náutico-recreativas. (Expediente 12-51-10-C-1).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección.

c) Número de expediente: 12-51-10-C-1.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do proxecto: o obxecto do concurso é o outorgamento dunha concesión de ocupación de dominio público portuario do porto de Escarabote para a construción e explotación de instalacións náutico-recreativas.

b) Lugar da concesión: porto de Escarabote. Concello de Boiro (A Coruña).

c) Prazo da concesión: vinte e cinco (25) anos prorrogables ata un máximo de trinta (30) anos ou o prazo máximo establecido na lexislación vixente no momento da prórroga.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: sistema multicriterio (concurso público).

4. Taxa de explotación: a especificada no prego de bases.

5. Garantías.

a) Provisional: a especificada no prego de bases.

b) Definitiva: a especificada no prego de bases.

6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

b) Domicilio: praza de Europa, 5 A-6ª polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela. 15707.

d) Teléfono: 981 95 75 51.

e) Fax: 981 54 53 24.

f) Data límite de obtención de documentos e información: coincide coa data límite de presentación de ofertas.

g) Perfil de contratante: os pregos administrativos desta convocatoria poderanse obter nos seguintes enderezos da internet:

<http://www.contratosdegalicia.es/>

7. Requisitos específicos do solicitante: os especificados no prego de bases.

8. Presentación de ofertas e das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación de proposicións rematará ás doce horas do trixésimo (30º) día hábil seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: segundo o indicado no prego de bases.

c) Lugar de presentación:

Entidade: ente público Portos de Galicia.

Domicilio: praza de Europa, 5A-6º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15707.

d) Prazo durante o que o licitador está obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses desde a apertura das proposicións.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: ente público Portos de Galicia.

b) Domicilio: praza de Europa, 10-4º. Polígono das Fontiñas (Área Central).

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.

d) Data: o décimo (10º) día natural seguinte ao do remate do prazo de presentación de ofertas. No caso

de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o día hábil seguinte.

e) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación do sobre A e publicará no taboleiro de anuncios dos servizos centrais de Portos de Galicia o resultado da apertura, para que se emenden, dentro do prazo que se indique, os defectos materiais observados na documentación.

11. Gastos dos anuncios: este anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia*Resolución do 9 de abril de 2010 pola que se anuncia procedemento aberto multicriterio, tramitación ordinaria, para a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación e explotación das instalacións con destino a cafetería, bar ou restaurante no porto de Beluso (Bueu). (Expediente 13-18-10-C-1).*

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: ente público Portos de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección.

2. Obxecto do procedemento.

a) Descrición do obxecto: o obxecto do procedemento é a selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación e explotación das instalacións con destino a cafetería, bar ou restaurante no porto de Beluso (Bueu).

b) Lugar da concesión: porto de Beluso (Bueu).

c) Prazo da concesión: vinte (20) anos con posibilidade de prórroga ata alcanzar os trinta (30) anos ou o prazo máximo establecido na lexislación vixente no momento da prórroga.

d) Clave do expediente: 13-18-10-C-1.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: oferta máis vantaxosa tendo en conta os criterios que figuran no número 10.1.4. do prego de bases.

4. Taxas concesionais: as especificadas no prego de bases.